Rumex acetosella subsp. angiocarpus (Murb.) Murb., 1899

- acedeira, aceda
- acedera común, a. menor, agrilla, acederilla, vinagreta
- uztao txiki
- agrelleta
- sorrel
- azedinha, azedinha-dos-noivos



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Caryophyllales**	**Polygonaceae**	***Rumex***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Planta perenne cun rizoma ramificado, ás veces estolonífero. Follas pecioladas, as superiores sésiles. Flores hermafroditas ou unisexuais en inflorescencias máis ou menos ramosas. Valvas da mesma lonxitude có aquenio, perfectamente fusionadas ao pericarpo ou ás veces parcialmente libres nalgúns froitos; a miúdo papilosas, libres en formas teratolóxicas ou cando o aquenio aborta. Aquenios (incluíndo as valvas) de 1,2-1,5 × 0,8-1,2 mm. Florece de marzo a xullo.

HÁBITAT

Pastos secos de zonas abertas, sotobosque de bosques de piñeiros, aciñeiras e carballos abertos. En solos silíceos, xeralmente areosos, raramente en solos algo húmidos. Dende o nivel do mar ata 2650 m.

DISTRIBUCIÓN

Suroeste de Europa, norte de África. Introducida en case tódalas zonas temperadas. Amplamente estendida por case toda a Península Ibérica.

CURIOSIDADES

As súas follas acedas cómense crúas en ensaladas ou cociñadas como substituto da espinaca. As raíces empregábanse polas súas propiedades laxantes, diuréticas e antipiréticas.